

ORIENTACIÓNS NO CASO DE CONFINAMENTO

1. **Importancia do estado emocional do alumno/a** derivado do confinamento, da posible enfermidade ou perda provocada polo virus, do medo, inseguridade ou desconcerto creado pola vivencia dunha crise sanitaria a nivel mundial.

É importante non caer na estigmatización daquelas persoas (alumnado ou persoal traballador do centro) que fosen vítimas/portadores do virus.

Axudar a minorar os temores e ansiedades dos estudantes en torno á enfermidade é tarefa do equipo docente.

2. É aconsellable partir do currículo oficial da Xunta do nivel educativo correspondente ao **curso 2019-2020** e **reparar os contidos** que non se puidesen traballar debido ao confinamento.

3. Así mesmo, é importante **recoller do currículo oficial aqueles contidos que deberán traballarse durante o curso 2020/21** para ter claro o traballo no que o docente terá que centrarse se houberse que traballar de xeito online debido a un novo confinamento.

É importante diferenciar entre aquilo que debemos traballar (contido do currículo) e aquilo que recollen os libros de texto (que non sempre seguen o mesmo).

A **programación e temporalización** dos contidos **en períodos curtos** (por exemplo, dúas semanas) **ou en bloques**, axudará a saber que nos correspondería traballar se houberse un novo confinamento e tivésemos que deixar o aula dun día pa outro.

4. No caso de producirse un novo confinamento, cada docente deberá seleccionar os **aspectos fundamentais** que deberán ser traballados (correspondentes ao momento no que nos atopemos, baseándonos na temporalización da que falamos con anterioridade e sempre seguindo o recollido no currículo oficial) para garantir o logro das **competencias básicas** en cada nivel académico, concretado en **indicadores de logro**.

Isto é, cada docente tratará de seguir traballando aqueles contidos e competencias que debería traballar nese momento na aula, aínda que adaptándoos ás circunstancias e medios ao seu alcance e ao dos alumnos, tendo moi claro cales son os puntos a valorar e o nivel mínimo de consecución dos mesmos. Deberase informar destes aspectos tanto ás familias como ao alumnado.

5. Para traballar estes aspectos fundamentais: **ACTIVIDADES COMPETENCIALES**.

- que non sobrecarguen (por exemplo, elaborar unha actividade que recolla varios contidos similares, ou que poidan ser traballados de forma transversal),
- que sexan atractivas (centros de interese),
- que estean conectadas coa realidade actual (sobre todo en alumnos de niveis superiores),
- que requiran concentración e interese (non repetitivos, cun obxectivo concreto, que a súa aprendizaxe sirva para algo),
- que requiran utilizar todas as súas ferramentas (expresión, comprensión, estratexias de planificación...),

- que exixan elaborar algo (non é o mesmo facer unha suma que expoñer un problema que se poidan atopar na súa vida real e que se resolva cunha suma).

Os traballos de investigación, de búsqueda da información, de opinión persoal ou de poñerse no lugar doutra persoa, poden ser interesantes para avaliar a competencia lingüística, así como para combinar con calquera outro tema que desexemos abordar.

Deberán traballarse soamente aqueles contidos que sexan realmente importantes e que estean recollidos no currículo, centrándonos en conseguir un bo dominio e non na repetición e memorización da teoría.

6. Durante un posible confinamento, os titores deberán preocuparse/interesarse polo estado de saúde (físico e emocional) dos seus alumnos, así como mostrar empatía e proximidade.

O **contacto frecuente e regular coas familias** é clave para crear un clima de cordialidade e cooperación, sendo recomendable non deixar pasar máis de 7-10 días en comunicarse con cada alumno/a e a súa familia.

Chamadas telefónicas, e-mails, apps, etc. son medios ao alcance da maioría das familias e dos docentes, polo que pode ser unha boa forma de estar en contacto.

7. **Reunións regulares e frecuentes** (unha por semana, como mínimo) entre docentes dun mesmo ciclo educativo para traballar de forma coordinada e informar acerca de novas ideas ou dificultades.

É fundamental traballar de forma coherente e nunha mesma liña, empregando os mesmos fundamentos pedagóxicos, sen adiantarse nin desmarcarse do grupo.

Traballar na mesma liña e cun rumbo común, permitiranos executar os nosos plans de xeito máis agradable, fácil e produtivo, ademais de que nos dotará dunha excelente imaxe de cara ás familias e conseguiremos transmitir confianza e seguridade.

8. **Elección dun espazo axeitado** para impartir as clases, así como procurar **coidar a imaxe persoal**.

É importante recordar que, igual que pedimos aos alumnos que manteñan certa seriedade á hora de asistir ás clases online, os docentes somos responsables de dar unha imaxe de profesionalidade. Debemos mostrarnos igual que si acudísemos ao centro e intentar buscar un lugar no que poidamos traballar sos, en silencio e cun fondo o máis neutro posible, para evitar distraer aos alumnos.